

BASES DA CAMPAÑA/SORTEO  
"ANIMACIÓN AO CONSUMO NAS VILAS GALEGAS"

1. "ANIMACIÓN AO CONSUMO NAS VILAS GALEGAS" é unha campaña promocional-publicitaria promovida e organizada pola **Federación Galega de Comercio**, consistente nunha serie de **sorteos/concursos** que se celebrarán nun total de 8 localidades galegas (dúas por provincia) no período comprendido **entre os meses de Outubro e Decembro do 2009**.

2. As localidades onde se desenvolverá esta campaña, durante un período de dúas semanas en cada unha delas, son as seguintes:

*SARRIA: Data prevista de inicio-13 Outubro-Data prevista de celebración do sorteo-24 Outubro*

*BETANZOS: Data prevista de inicio-19 Outubro-Data prevista de celebración do sorteo-31 Outubro*

*O BARCO DE VALDEORRAS: Data prevista de inicio-26 Outubro-Data prevista de celebración do sorteo-7 Novembro*


*A GUARDA: Data prevista de inicio-2 de Novembro-Data prevista de celebración do sorteo-14 de Novembro*

*MONFORTE: Data prevista de inicio-9 de Novembro--Data prevista de celebración do sorteo-21 de Novembro*

*NOIA: Data prevista de inicio-16 de Novembro-Data prevista de celebración do sorteo-28 de Novembro*

*VERÍN: Data prevista de inicio-30 de Novembro-Data prevista de celebración do sorteo-12 de Decembro*


*SALVATERRA DO MIÑO: Data prevista de inicio-9 de Decembro-Data prevista de celebración do sorteo-19 de Decembro*



3. A dinámica da campaña en cada unha destas vilas será a seguinte: Entre o Luns e o Martes da primeira semana, uns **promotores** contratados a tales efectos e debidamente formados, informarán e repartirán entre todos os comercios retalistas-tradicionais da localidade correspondente que estean interesados, cartelería, portadípticos e dípticos aos efectos de informar e publicitar esta campaña. Estes promotores actuarán tamén como dinamizadores da campaña durante as dúas semanas de duración da mesma en cada localidade. Asimesmo, instalarase unha carpa/jaima da organización nun lugar céntrico de cada localidade, como punto de información no que haberá material relacionado coa campaña: ex) totems, dípticos etc...

Os consumidores que desexen participar no sorteo, deberán presentar aos promotores da campaña ou na carpa/jaima da organización, os tickets das compras realizadas nos comercios tradicionais da localidade correspondente, entre as 10,00 horas do luns da 1ª semana e as 18,30 horas do sábado da 2ª semana, e recibirán nese momento a metade dun boleto para a participación no sorteo final de 3.000 euros que se celebrará en cada localidade o sábado da 2ª semana, selándolle ao mesmo tempo o ticket presentado para que non poida reutilizalo, xa que cada ticket dá dereito a un único boleto de participación, coa excepción prevista no parágrafo seguinte. A outra metade do boleto correspondente, será depositada polo promotor ou polo consumidor directamente, nas urnas habilitadas a tal efecto na carpa-jaima da organización. Aqueles consumidores que acrediten que a compra foi realizada mediante a tarxeta mastercard do comercio galego, terán dereito a 2 boletos para participar no sorteo correspondente, por cada ticket de compra pagada a través de dita tarxeta.

A organización emitirá un total de 1.000.000 de boletos, numerados do 0000001 ao 1000000, asignándose a unha das 8 localidades participantes un total de 125.000 boletos coa numeración correlativa correspondente.



Quedan excluidos de participar no sorteo todos os tickets de compras efectuadas en establecimientos incluidos no Sistema Nacional de Pago baixo calquera dos seguintes Códigos de Actividade Interbancaria: Alcampo (1387, 1524, 2387, 2524, 5335), Carrefour (1386, 1389, 1423, 1525, 2386, 2525), El Corte Inglés (5959), Hipercor (5338), Eroski (1388, 1415, 1416, 1417, 1446, 1529, 2388, 2529).

O sábado da 2ª semana de duración desta campaña en cada localidade, celebrarase en cada unha destas, unha **GRAN FESTA FINAL** nunha **CARPA** de **150 metros cadrados** preparada para este fin, durante a cal realizarase un **SORTEO PÚBLICO** que consistirá na extracción por unha man inocente, dos boletos depositados ao longo das dúas semanas anteriores nas urnas habilitadas, tal e como se especifica no apartado seguinte. Ademais do sorteo, nesta FESTA FINAL a organización levará a cabo diversas actividades lúdicas e de entretenemento, especialmente dirixidas ao público infantil.

4. Os premios que se sortearán en cada unha das localidades recollidas nestas bases, consistirán nun total de **26 tarxetas prepago regalo por localidade**, **24 delas por valor de 100 euros**, e **dúas por valor de 300 euros**, que se entregarán no mesmo acto de celebración do sorteo, aos agraciados que aporten nese momento a metade correspondente do boleto premiado, así como o seu DNI con tódolos datos pertinentes. Os **dous primeiros boletos extraídos nos que esté presente o agraciado para reclamar o premio aportando a documentación referida**, obterán unha **tarxeta prepago regalo por valor de 300 euros cada un deles**, e a partir do **3º boleto e seguintes**, nos que igualmente o agraciado aporte nese momento a documentación sinalada, recibirá cada un deles unha **tarxeta prepago regalo por valor de 100 euros**. Extraeranse un máximo de **6 boletos** aos efectos de adxudicar as **tarxetas prepago de 300 euros**, e un máximo de **48 boletos** para adxudicar as **tarxetas prepago de 100 euros**, o que fai un número máximo total de **52 boletos extraídos por sorteo e localidade**.




No caso de que queden premios por adjudicar, por non aparecer no mesmo momento da extracción o agraciado portador da metade do boleto premiado correspondente, ditos premios quedarán desertos e a disposición da entidade organizadora, que decidirá o que considere oportuno. **Unha vez que unha persoa resulte agraciada cun premio, non poderá obter ningún máis, inda que dispoña de máis boletos de participación.**


Estas **tarxetas prepago regalo** serán emitidas por **Caixa Galicia** e poderán ser utilizadas para a realización de compras a través de calquera TPV adherido ao sistema **VISA**, sempre e cando as mesmas se efectúen no comercio tradicional galego con anterioridade ao **1 de XANEIRO do 2010**. En todo caso, quedarán **excluídas** as compras efectuadas nos establecementos dispostos no **4º párrafo do punto 3** destas bases (*Alcampo, Carrefour, El Corte Inglés, Hipercor e Eroski*).

Non poderán resultar agraciados nesta campaña os comerciantes, os empregados da Federación Galega de Comercio e os familiares duns e outros ata o primeiro grao. Asimesmo, os consumidores que resulten agraciados deberán ser todos maiores de idade.

- Os premios enténdense como **cantidades brutas**, suxeitas ás **retencións** que establece a lei vixente; polo tanto, a dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda.
- Esta campaña promocional publicitarase mediante a **emisión dun total de 200 cuñas de radio en cada localidade participante**, nas principais cadeas **radiofónicas** de ditas localidades. Asimesmo, os resultados da campaña publicaranse na páxina web da Federación Galega de Comercio aos sós efectos de publicidade.



7. A mera participación no concurso/sorteo supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora para a utilización dos datos identificativos facilitados no acto do sorteo polos participantes (nome, apelidos e número de DNI), única e exclusivamente, para os fins propios desta campaña. Esta autorización faise extensiva á imaxe dos gañadores para os efectos de **publicidade do resultado da campaña**. O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña.
8. A **Federación Galega de Comercio** xestionará os datos personais facilitados polos participantes nesta campaña con estricto cumprimento de tódolos requisitos esixibles pola *Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal* e polo *Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal*. Os datos facilitados polos participantes que resulten premiados incorporaranse a un ficheiro automatizado, debidamente inscrito no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, sendo utilizados, única e exclusivamente, para os fins previstos nas presentes bases.
- Non obstante, calquera dos participantes poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por medio de comunicación escrita dirixida á: **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo.**
9. As presentes bases están **depositadas ante notario e á disposición do público** en todos os establecementos comerciais retallistas galegos participantes nesta campaña. Igualmente, poderán consultalas na páxina web da Federación Galega de Comercio, [www.comerciogalicia.com](http://www.comerciogalicia.com)



10. A Federación Galega de Comercio resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender o concurso/sorteo, sen incurrir en ningún tipo de responsabilidade.

Representante Legal  
José María Seijas López